

Medidas para o desenvolvemento das clases nas aulas-talleres de Tecnoloxía e Informática² en relación ó uso de materiais, ferramentas, máquinas, instrumentación, equipamentos, etc.

Aula-Taller ESO

Actuacións no Aula Taller de Tecnoloxía conforme o Anexo V....

1. (En función da dispoñibilidade) Á entrada e a saída da aula, o alumnado limpará as mans con xel hidroalcohólico.
2. Asinarase un posto de traballo (mesa e silla) fixo a cada alumno e alumna na zona de estudio.
3. Toda persoa que acceda empregará mascarilla.
4. Priorizarase o emprego de software de simulación.
5. Antes do emprego dos ordenadores da aula taller, aplicarase spray hidroalcohólico ó teclado
6. Co obxecto de reducir o mínimo os contidos procedimentais das materias impartidas na aula, empregarase o método de proxectos de modo rotatorio semanal. Desta maneira so un grupo fará uso de zona de taller durante unha semana, mentres que os demais empregarán a zona de estudio.
 - Todo o alumnado que acceda á zona de taller fará un lavado de mans con xel hidroalcohólico exhaustivo, e extremarase a obrigación do uso da mascarilla.
 - Cada posto de traballo estará separado por unha mampara dos outros.
 - As ferramentas de cada grupo disporanse en cada posto de traballo, e non serán manipuladas por outros.
 - As máquinas ferramentas de uso xeral serán desinfectadas despois de cada uso.
 - Na última sesión da semana realizarase un limpeza das ferramentas empregadas con spray hidroalcohólico polo alumnado.

Aula-Taller Bacharelato

Esta aula ten condicionado o seu uso dependendo do curso asinado a ela.

O uso das **ferramentas básicas** (desparafuxadores, alicates, texoiras, chaves fixas, etc.), para axuste de máquinas e equipamentos, será de **uso exclusivo do profesorado** segundo a súa desinfección previa o posterior a dito uso.

A **impresora 3D** só poderá ser manipulada polo profesorado e visualizada mediante o visor (cámara) polo alumnado. Os/as alumnos/as poderán deseñar pezas e subilas mediante internet para poder imprimilas na devandita impresora.

Nota importante: Precísase dunha boa conexión wifi para dar soporte ós portátiles individuais do alumnado na realización de tarefas online (portafolio, simulacións, consultas, etc.).

Materia: Tecnoloxía Industrial I

Curso: 1º Bacharelato diurno

Equipamento de control: 10 equipos programadores LOGO de Siemens. Asignación por subgrupo do curso dependendo do número de alumnos con desinfección ó final de cada semana. Programación a través de portátiles individuais do alumnado (caso de ser posible).

Equipamento de pneumática: Empregado únicamente polo profesorado para observación do alumnado. Resto de prácticas realizadas mediante simulación informática desde ordenadores portátiles (a poder ser individuais de cada alumn@).

Equipamento de electricidade: Uso exclusivo do profesorado para observación do alumnado.

O curso de adultos empregará un método manipulativo no último trimestre do curso e nunca simultaneamente co grupo de diurno. Os equipos serán desinfectados despois do uso do grupo de diurno e antes do uso do grupo de adultos.

Materia: Robótica

Curso: 1º Bacharelato

Equipamento de robótica: 6 robots Ranger + 4 mBot . Asignación por subgrupo do curso dependendo do número de alumnos con desinfección ó final de cada semana. Programación a través de portátiles individuais do alumnado (caso de ser posible).

Materia: Tecnoloxía Industrial II

Curso: 2º Bacharelato diurno e adultos

Equipamento de electricidade: Uso exclusivo do profesorado para observación do alumnado.

Equipamento de mecánica: Uso exclusivo do profesorado para observación do alumnado.

Equipamento de control: Uso exclusivo do profesorado para observación do alumnado.

Materia: TIC II

Curso: 2º Bacharelato diurno e adultos

Realización de actividades a través de portátiles individuais do alumnado (caso de ser posible).

Protocolo para o profesorado e alumnado durante o uso da aula.

1. O acceso á aula dende a aula de referencia do alumnado estará sometido ás condicións e instrucións xerais do uso do pasillos.
2. O uso de mascarilla será obrigatorio, independentemente da distancia social que se poida acadar, dado que é un aula de uso colectivo.
3. Unha vez na porta aula, a entrada será gardando a distancia necesaria (1m mínimo), de un en un e procedendo a desinfección individual das mans con xel hidroalcohólico (ou sistema equivalente).
4. A aula vai dispor de 2 dispensadores de xel para que o acceso sexa máis rápido. Un por cada pasillo.
5. O posto de traballo deberá ser sempre o mesmo, salvo causas maiores (problemas técnicos ou outros).
6. O profesor/a deberá repartir os postos de maneira que a separación sexa sempre a maior posible, e manter este reparto para futuras sesións como se indicou no punto 5.
7. A aula vai dispor de mamparas transparentes que facilita a protección individual dos postos.
8. Durante a clase non se permite (salvo que o decida o profesor/a responsable) que o alumnado abandone o seu posto e que interaccione en outro posto que non sexa o propio.
9. Unha vez rematada a sesión, o alumnado saíra ordeadamente da aula, procedendo á desinfección de mans igual que se fixo na entrada (punto 3). Tamén se guardará a distancia na saída.
10. O profesor responsable procederá á desinfección do teclado, rato e postos que foron utilizados durante a sesión. Isto farase con un spray desinfectante con base de alcol, rociando os postos, facendo especial fincapé no teclado e rato.
11. O punto 10 é importante, porque aporta unha unha medida engadida para que a aula garantice un bo nivel de desinfección cando a vaíamos a usar, dado que estará desinfectada da sesión anterior.
12. Como última petición, o profesorado deberá tentar manter a aula aireada na medida do posible. Se por motivos de climatoloxía non fora posible, é recomendable abrir as ventás ó remate da sesión, que aireará para futuras clases.

As medidas anteriores son susceptibles de posibles cambios futuros, totais ou parciais, en función de como vaia transcurrido o desenvolvemento das distintas materias e grupos.